

COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo filosófico)

A Composición identificará a problemática que se presenta, relacionando o seu contido con coñecementos adquiridos provenientes de calquera ámbito cultural. Mostrará o grao de comprensión dos problemas filosóficos presentados, estruturando o texto, captando as ideas principais, sinalando os argumentos que as sustentan, aclarando os conceptos. Relacionará o texto coa actualidade e a temática filosófica. E isto coa maior precisión, claridade e corrección idiomática posibles.

OPCIÓN 1

“Unha parte dos filósofos saúdan con satisfacción aquilo que a outra parte rexeita. Para os que adoptan unha actitude positiva, a tecnificación é, sobre todo, o fundamento dunha liberdade que se vai difundindo por todas partes. O progreso técnico libera da coacción da tradición; o consumo e a produción masivos liberan da penuria material; a intersubxectividade do traballo, así como tamén a exacta normación dos seus produtos, contribúen á eliminación das diferencias sociais; a racionalidade exclúe aparentemente o confuso. Polo tanto, semella correcto vincular coa técnica as liberdades actualmente en parte promovidas e en parte alcanzadas, a loita contra os tabús de todo tipo, así como tamén a democracia moderna. Por esta razón algúns ven no mundo tecnificado precisamente “o reino do home autónomo”, esperan nel a realización de valores superiores nunha medida ata agora descoñecida e vinculan a iso vellas concepcións do “regnum hominis”.

No progreso vese a “emancipación das ataduras ó vexetal e ó animal no home” e, con iso, créanse os medios necesarios “para todo o espiritual”; as tarefas superiores só poden realizarse naquela independencia e ocio que proporciona a técnica. Tamén é ela a que posibilita un fluxo cada vez máis rápido de información a través da cal se difunde a educación e os homes aprenden a comprenderse e coñecerse mellor”.

HÜBNER, Kurt, *Crítica da razón científica*, 3ª parte, cap.XIV, 4; *Pro e contra da técnica*.

OPCIÓN 2

“Volvo repetir algo que dixen ó comezo deste libro. Non hai dereitos humanos. Non existe esa impersonalidade sinalada polo hai. Ninguén ten por natureza ningún dereito. O orbe dos dereitos é unha construción da intelixencia humana convertida en lexisladora e que, mal que ben, leva funcionando nalguns países desde hai séculos. A súa eficacia fai que nos esquezamos de que esa estrutura non se mantén soa. Ninguén está amparado polos dereitos se está fóra da órbita dos dereitos. Se no mundo civilizado sucede así, se o criminal está protexido polo mesmo dereito que conculcou, non é porque ninguén llo deba, senón só pola xenerosidade dos que permanecen na órbita ética, manténdoa en voo, que están dispostos a afirmala dignidade de tódolos membros da especie humana, aínda que resulten danados ó facelo.

Este é o grande salto ético, o trunfo da magnanimidade creadora, o enigma que admirou e complicou a Kant: o ser humano, dotado dunha intelixencia que lle permite comproba-lo cerca e o lonxe que está dos seus parentes animais, sedúcese desde lonxe cun modelo inestable e magnífico: pertencer a unha especie chea de dignidade”.

MARINA, J. A., *Ética para Náufragos*, Circulo de Lectores, páxs. 123-124.

CPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo filosófico)

A Composición identificará a problemática que se presenta, relacionando o seu contido con coñecementos adquiridos provenientes de calquera ámbito cultural. Mostrará o grao de comprensión dos problemas filosóficos presentados, estruturando o texto, captando as ideas principais, sinalando os argumentos que as sustentan, aclarando os conceptos. Relacionará o texto coa actualidade e a temática filosófica. E isto coa maior precisión, claridade e corrección idionática posibles.

OPCIÓN 1

“O home é de tal condición e natureza que, para subsistir e alcanzar a súa máis alta perfección, ten necesidade de tantísimas cousas que é imposible que vivindo un illadamente se ocupe de todas; ó contrario, necesita de compañeiros, cada un dos cales hase de ocupar de algo que os outros necesitan. Un calquera estaría en situación idéntica á doutro calquera. Imposible que o home obteña a perfección para a que os seus dotes naturais foron creados a non ser formando sociedades xerais e moi variadas onde se axuden mutuamente e se ocupen en favor doutros, de parte do que lle cómpre para vivir. Asíncianse, pois, para así poder atopar no labor de todos o que necesitan para que cada un subsista e obteña a perfección... Deste xeito formáronse diversas sociedades humanas: perfectas unhas e outras imperfectas”.

ABU NASR AL-FARABI, *A cidade ideal*, XXVI

OPCIÓN 2

“Toda ciencia pura é boa ou alomenos indiferente xa que, por definición, ocúpase só de mellorar os nosos modelos do mundo, e o coñecemento é un ben intrínseco. En cambio, a tecnoloxía ocúpase da acción humana sobre cousas e persoas. Isto é, a tecnoloxía dá poder sobre cousas e seres humanos, e non todo poder é bo para todos. Abonda pensar na tanatoloxía, ou tecnoloxía da morte: o deseño de estratexias e tácticas de agresión, de armamento e defoliantes, de campos de exterminio, etc. Todo isto é intrinsecamente malo segundo calquera código moral excepto o dos asasinados de masas. E calquera que sexa o resultado colateral beneficioso, é moitísimo menor cós seus efectos nocivos: a destrución de vidas humanas, a desintegración de lazos familiares e de amizade, o aumento da agresividade, a violencia e a insensibilidade, e a mutilación do ambiente.

Por ser moralmente ambigua, a tecnoloxía debería estar baixo control en vez de permitirse que se desenvolva sen trabas en beneficio dos grupos económicos ou políticos que poden pagala. Noutras palabras, cómpre ter ó tecnólogo por responsable, non só técnica senón tamén moralmente, por todo o que deseña ou execute. Non só se debe esixir que os seus artefactos sexan optimamente eficientes, senón tamén que, lonxe de ser maléficos, sexan beneficiosos, e isto non só a curto senón tamén a longo prazo. E non nos veñan co conto de que só os axentes libres poder ser considerados moralmente responsables, de xeito que un técnico que actúe baixo ordes é inocente: esta foi, precisamente, a defensa de Adolf Eichmann. Se se lle manda facer algo dañino, o tecnólogo é libre de negarse a acata-la orde; se é necesario pode renunciar ó seu posto, ou pode sabota-lo seu propio traballo, ou pode combatalo. Por suposto que poderá ser castigado por desobedecer. Pero isto é parte do xogo da vida humana –de toda vida en sociedade- en calquera sociedade”.

BUNGE, Mario, *Ética e Ciencia*, Siglo Veinte, páxs. 73-74.

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

1. **Con carácter xeral:** os que figuran no Dexeño Curricular Base da materia, destacando en especial os seguintes:

- a) Obter información relevante sobre un problema concreto a partir de materiais que proveñan de fontes diversas; elabora-la información, contrasta-la e utilízala críticamente.
- b) Analizar textos de carácter filosófico, identificando o problema que se presenta, explicando os termos específicos que aparecen e relacionando o seu contido cos coñecementos adquiridos.
- c) Caracteriza-los principais problemas filosóficos e identificar algunha das posicións filosóficas que se formularon ó respecto, valorando nuns e noutras a súa importancia para a comprensión da vida humana e do mundo contemporáneo.

2. Con carácter específico:

- a) A Composición identificará a problemática que se presenta, relacionando o seu contido con coñecementos adquiridos, provenientes de calquera ámbito cultural..
- b) Mostrará o grao de comprensión dos problemas filosóficos plantexados. Esta comprensión requerirá: Estructurar o texto; captar as ideas principais; sinalar

as razóns e os argumentos que as avalan e sustentan; aclarar os conceptos mais importantes.

- c) Relacionará o texto coa actualidade e a temática Filosófica.
- d) Valorarase a precisión, claridade, creatividade e orixinalidade da composición, así como todo o que poida contribuir a mostrar contidos de tipo actitudinal e procedemental.

3. Puntuación: (ata un máximo de 10 puntos)

Identificación do problema	2 puntos
Comprensión do problema	3 puntos
Relación do texto coa actualidade e a temática filosófica	3 puntos
Valoración da precisión, claridade ... da exposición	2 puntos

Os Correctores aplicarán estes criterios coa finalidade de valorar o grao de madurez do alumno, obxectivo fundamental da proba.